

# As linguas da Península Ibérica



# As linguas da Península Ibérica

**Galego.** É oficial en Galicia. Fálase en zonas de Asturias, León, Zamora e tres aldeas de Extremadura (O val do Ellas) e mais en cidades españolas, europeas e americanas con emigrantes galegos.

**Portugués.** É oficial en nove países: Portugal, Brasil, Angola, Mozambique...

**Castelán.** É oficial en todo o Estado español e en moitos países de América.

**Catalán.** É lingua oficial en Cataluña, illas Baleares e Andorra.

**Valenciano.** Variedade do catalán, lingua oficial na Comunidade Valenciana.

# As linguas da Península Ibérica

**Aranés.** Recoñecida lingua oficial en Cataluña, fálase no Val de Arán (Lleida).

**Éuscaro.** É lingua oficial no País Vasco.

**Asturleonés.** Fálase en Asturias e en zonas de León, Zamora e Estremadura.

**Aragonés.** Fálase en Aragón. É a lingua española en peor situación.

**Mirandés.** Variedade do asturleonés, fálase no nordeste de **Portugal**.

# As linguas da Península Ibérica

**Lembra que excepto o éuscaro todas as linguas que se falan na PI son linguas románicas, é dicir, veñen do latín.**

# Linguas irmás

O galego e o portugués teñen unha orixe común. Non é até os séculos XII-XII que se foron separando, ao convertese Portugal nun reino independente. Isto fixo que os sistemas lingüísticos se fosen afastando.

- Hai quen mantén que Galicia debería formar parte da **lusofonía**, debido á orixe común do galego e do portugués.
- Coñécese como lusofonía ao conxunto de países que teñen como lingua oficial o portugués. (Brasil, Angola, Mozambique...)

# As linguas da Península Ibérica

	Oficiais	Non oficiais
España: 8	castelán, galego, catalán, valenciano, aranés, éuscaro	asturleonés, aragonés
Portugal: 2	portugués, mirandés	

**1** Emparella cada lingua co seu número do mapa.



**2** Une cada lingua co número de falantes.

500 millóns	250 millóns	8 millóns	4 millóns	3 millóns
700 000	400 000	20 000	15 000	5 000

**3** Busca os nove países onde o portugués é lingua oficial e escribe cada un no seu continente.

África	América	Asia	Europa

**4** Cita dúas ou tres vantaxes, para Galicia e para a lingua galega, da nosa integración na lusofonía.

**5** Investiga. En que zonas de Asturias, León e Zamora se fala galego? Cal é a causa?

**6** Investiga. Por que se fala unha variedade do galego antigo no Val do río Ellas, en Cáceres?

**7** Como se di en portugués?

cuarto	chan	cadeira	tesoira
man	baralla	uña	mañá
ollo	illa	chuvia	xeonllo

**8** A ver canto catalán e canto éuscaro sabes.

Laranjazko freskagarria - Si us plau - Dos quarts de dues - Gabon! - Ordu bat eta erdiak - Refresh de taronja - Mesedez - Bona nit!

GALEGO	CATALÁN	ÉUSCARO
Boas noites!		
Por favor.		
Refresho de laranxa		
A unha e media.		